



UNIDADE 2

E ti, que opinas?

Móstralles a imaxe aos seus alumnos e pregúntelles se recoñecen este lugar (Illa de Toralla - Vigo). Escoite o que poidan dicir sobre ela e, se é necesario, infórmeos de que se trata dun importante destino turístico de Galicia. Pregúntelles se lles gustan os lugares moi turísticos ou se prefiren os máis tranquilos, e se escollerían un lugar como ese para pasar as vacacións. Logo, centre a atención dos alumnos na cuestión urbanística e pregúntelles a súa opinión sobre a construción masiva nas zonas costeiras.

Finalmente, informe os estudantes dos contidos da unidade e da tarefa final: levar a cabo unha asemblea popular.

E ti, que opinas?



comprender

1. PROBLEMAS DE ESPAZO

Valorar que tipo de vivendas teñen as persoas ás que vai dirixida unha serie de anuncios e facer hipóteses sobre o modo de vida que levan.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se están contentos coa súa vivenda. Pode facerlles preguntas como: **Como é a vosa casa? Estadades contentos con ela? Tendes o espazo que necesitades para todo? É un piso ou unha casa? Gustaríavos realizar algunha modificación? Cal?** Dígalles que, individualmente, fagan unha lista das cousas que quizerían ter ou facer na súa casa, pero que non poden por falta de espazo. Cando rematen, pídalles que, en parellas, comparen as súas respectivas listas. O obxectivo é que cada un diga se ten problemas de espazo na súa vivenda.

Se algún dos seus alumnos di que non ten este tipo de problema, anímelo a falar dalgunha vivenda que tivo anteriormente ou da vivenda dalgún familiar ou coñecido que pode telo.

B. A continuación, móstrelles os diferentes anuncios que aparecen e pregúntelles: **Onde podemos atopar estes anuncios? Que credes que anuncian?** Pídalles que os lean individualmente e que decidan que tipo de vivenda e que forma de vida poden ter as persoas ás que van dirixidos e que o xustifiquen. Cando terminen, faga unha posta en común.

C. Pregúntelles se hai algún anuncio que lles chamase especialmente a atención e por que. Dígalles que van oír unha serie de opinións relacionadas cos anuncios e que deben marcar se están ou non de acordo con elas. Logo, en grupos de tres, teñen que contrastar as súas opinións.

2. VIVENDAS SUSTENTABLES, VIDAS SUSTENTABLES

Ler unha entrevista para resumirla a un compañeiro. Seleccionar ideas nun texto e formular argumentos para reforzalas.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Que tipos de vivendas credes que son os máis comúns na actualidade? Por que credes que as persoas os escollen? Onde se constrúen? Que limitacións ou problemas poden ter?** Para a primeira pregunta é probable que os apartamentos ou os pisos sexan a resposta

maioritaria, dado que nas zonas urbanas cada vez hai menos espazo para construír casas. Ademais, para a vida moderna e axitada da maioría da xente que vive nas cidades, este tipo de vivenda é máis funcional e ten menos gastos de mantemento. Sobre o lugar das edificacións, se non o fan eles, poderá aproveitar para falar das construcións de edificios nalgúns zonas rurais, por exemplo, e preguntarlles a súa opinión. En canto aos problemas e limitacións, poderán formular hipóteses como o tamaño cada vez máis reducido ou a falta de intimidade debido aos materiais que se empregan nas construcións.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles aos seus alumnos as dúas entrevistas e explíquelles que se trata de dúas autoras distintas. Cada unha escribiu un libro relacionado co urbanismo e a habitabilidade, pero con diferentes enfoques. Dígalles que van traballar en parellas, pero que primeiro cada un vai ler individualmente unha das entrevistas. Teñen que tomar notas das principais ideas porque logo terán que explicarlhas ao compañeiro.

B. Dígalles que agora cada un debe resumirle ao compañeiro as principais ideas que aparecen na entrevista que acaba de ler.

C. Ao remataren, dígalles que deben atopar en cada entrevista as ideas coas que os dous estean de acordo e, logo, formular argumentos para reforzalas e amplialas. A continuación, faga unha posta en común na clase para recoller as diferentes opinións.



explorar e reflectir

3. QUE CONSTE EN ACTA

Reflexionar sobre as situacións nas que se redacta unha acta. Facer hipóteses sobre a finalidade e o formato deste tipo de documento. Ler un modelo de acta e contrastar as características coas hipóteses formuladas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Unha acta é un testemuño pormenorizado de feitos que se asentan por escrito e que resulta importante rexistrar e conservar. É un documento común en circunstancias como reunións, asembleas ou xuntanzas de directivos de calquera entidade, de membros de asociacións ou de consorcios. Formalmente, debe conter os datos do lugar onde se levanta, a data e a hora, unha breve introdución na que se menciona o motivo que dá lugar á súa escritura e, no seu texto, información detallada de todo o que ocorre na sesión: se hai debates, nomeamento das persoas que interveñen e un resumo do que din; se hai votacións, detalle do que se vota e o resultado; se hai mocións, descrición do contido de cada unha e mención de quen

a formulou etc. Normalmente remátase cun parágrafo “tipo”, no cal se indica a hora en que termina o acto e que os asistentes asinarán se están conformes con todo o acordado na sesión.

PROCEDEMENTOS

A. Chame a atención dos seus alumnos sobre o título da actividade e pregúntelles que entenden por el, por que e para que se di que conste algo en acta. Se entre as respostas non aparece o esperado, acláreo e, a continuación, fágalles as dúas primeiras preguntas do enunciado. Asegúrese de que entre as respostas mencionen algo parecido á información indicada en “Observacións previas”. Logo, xúnteos en grupos de tres e dígalles que deben apuntar nunha folla como farían a acta dunha reunión ou xuntanza na que participaron ou que tivesen que participar: os contidos que incluírían nela, que tipo de estruturas e vocabulario empregarían, como a comezarían, desenvolverían e rematarían.

Déixelles uns minutos para facelo e logo faga unha posta en común, apuntando no encerado as principais características que indicou a maioría dos alumnos. Non borre o contido do encerado para aprobeitalo na actividade seguinte.

B. Dígalles que agora van ler, de forma individual, o modelo de acta que se ofrece no libro. A continuación, pregúntelles que características das que rexistraron anteriormente no encerado atoparon tamén no texto da acta que leron. Como aínda están no encerado, aproveite para facer unha comprobación en conxunto. Logo, pregúntelles se na acta hai outros elementos, á parte dos que mencionaron, que lles parecen característicos deste tipo de documento. Mantendo os mesmos grupos da actividade anterior, pídalles que subliñen estes elementos e, despois duns intres, faga unha posta en común, volvendo apuntar os elementos no encerado.

Solución

Introdución/Contextualización: *data, hora, lugar, enderezo, identificación dos que se reúnen etc.*

Vocabulario/Expresións: *segundo o previsto, membros, orde do día, lectura e aprobación da acta da reunión anterior, por unanimidade, por maioría, someter á consideración, foron deliberados, asinan os asistentes, levántase a sesión.*

Estructuras: *predominio da oración de participio e de verbos en terceira persoa (para chamar a atención sobre a realización dos feitos en si e marcar a impersonalidade ou a colectividade das posturas tomadas): estudadas as ofertas, oídos os argumentos, lidos os acordos; acordouse, desestimouse, decidiuse, aprobouse, propúxose, nomeouse, levántase.*

Outros elementos (fórmulas): *estrutura da acta: introdución (parágrafo “tipo”, desenvolvemento, ou*

“corpo” (distribución dos elementos ordenados ou enumerados), e remate (parágrafo “tipo”); selo e sinaturas do presidente e do secretario.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicio 5.

4. NEGOCIAMOS?

Escoitar unha conversa entre traballadores. Observar os recursos empregados para tomar a quenda de palabra.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes se están familiarizados cos tipos de horarios e xornadas laborais que hai: horario partido (cunha pausa longa para comer), horario intensivo (trabállase de xeito continuado), horario flexible (con liberdade para elixir o horario), media xornada (trabállase a metade do tempo estipulado no convenio laboral)... Pregúntelles que tipo de horario prefiren e por que.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar uns traballadores dunha empresa que discuten sobre unha proposta para cambiar o tipo de horario laboral. Actualmente teñen un horario partido, pero contemplan a posibilidade de traballaren cun horario flexible. Se non se mencionou antes, pregúntelles se saben en que consisten os dous tipos de horarios e faga as aclaracións que sexan necesarias.

Dígalles que van escoitar unha vez a gravación e que teñen que decidir cal é a postura da maioría e que vantaxes e inconvenientes atopan en cada alternativa. Poña a audición unha vez e despois pídalles que comparen o que escribiron co que escribiu un compañeiro, facendo fincapé nos argumentos.

Se o considera necesario, propóñalles unha segunda escoita para que terminen de completar a tarefa. Logo faga unha posta en común que servirá de corrección.

Solución

Entre as interpretacións que se poden extraer da conversa, estas dúas parecen ser as maioritarias:

1. *A maioría está de acordo coa proposta do horario flexible, sempre que coincidan todos os traballadores durante unhas horas.*
2. *Inicialmente parece que a maioría está de acordo coa proposta do horario flexible, pero, ao final, algúns non o ven claro, xa que cren que varios empregados van aproveitarse da situación.*

Vantaxes: trabállase a mesma cantidade de horas, pero cada un pode organizarse do seu xeito, segundo as súas necesidades, e sacarlle un maior rendemento ao seu tempo.

E ti, que opinas?

Inconvenientes: que non coincidan os traballadores, que algúns non fagan as horas que deben facer, que a falta de control impida unha boa organización no traballo.

B. A continuación, dígalles aos seus alumnos que van escoitar outra vez a conversa e que esta vez deberán detectar os recursos que usan os interlocutores para interviren nela.

Se lle parece conveniente, proporciónelles fotocopias da transcripción da conversa que atopará na **ficha 4**, con espazos brancos no lugar dos marcadores e organizadores, e pídalles que a lean. Pregúntelles se poden seguir a conversa; é de esperar que non teñan dificultades para comprenderen as opinións e posturas que vaian xurdindo.

Despois, anuncie que escoitarán a conversa e que deberán tomar nota do que falta na transcripción. Tras a audición, permítalles que comparen en parellas o que escribiron e, logo, leve a cabo unha corrección entre todos, de xeito que queden claras todas as palabras que faltaban.

Invíteos, por último, a reflexionaren sobre o sentido que poden ter na conversa as diferentes expresións que anotaron na folla e que intenten explicalo coas propias palabras. Pídalles, por exemplo, que digan se serven para expresar acordo, desacordo ou dúbida, para matizar, para facer unha proposta... Pode indicarlles, ademais, que todas serven para cohesionar a discusión: teñen en conta o dito polo interlocutor e posiciónannos con respecto a iso.

Antes de seguir adiante, remita os seus alumnos á sección CONSULTAR, nas páxinas 26 e 27.

E DESPOIS

Pode propoñerlles unha actividade na que deberán argumentar a favor ou en contra dunha serie de propostas de ámbito social. En primeiro lugar, por parellas, van elixir unha das propostas da folla que vostede lles reparta (pode fotocopiar o cadro da **ficha 5**) e decidirán cal dos dous membros vai soste os argumentos a favor e cal en contra. En segundo lugar, individualmente, terán uns minutos para elaboraren un mínimo de cinco argumentos.

Por fin, comezarán a defensa da súa postura, tendo en conta que cada un deberá falar unha vez e que terán que empregar algunha das expresións vistas ao longo da unidade 2. Se non poden rebater o argumento dalgún compañeiro con algún dos que tiñan pensados, terán que ser quen de improvisar. No caso de que non se lles ocorra ningún argumento, pode darlles estas ideas para cada situación.

1. A favor: **é bo que unha localidade teña un xornal propio no que a xente poida atopar anuncios de traballo e noticias que sexan do seu interese e utilidade.**

En contra: **se o xornal precisa dunha subvención do concello, non vai ser tan alternativo como se pretende; vai estar atado aos intereses do partido gobernante.**

2. A favor: **hai moita xente que quere un tipo de vida así e van situar o proxecto lonxe de calquera vila para non perturbar a súa estética.**

En contra: **no campo ou na zona rural este tipo de construción pode ocasionar alteracións importantes na vida dos moradores e tamén hai que considerar o choque estético que representa este complexo ante as vivendas locais.**

3. A favor: **é necesario estar ben comunicado, sobre todo para que chegue máis turismo, que pode ser unha fonte de renda para a xente que vive na vila.**

En contra: **se se realizan esas obras, a vila vai perder o seu encanto. As comunicacións foron suficientes para os seus habitantes ata agora e iso non ten por que cambiar.**

Un exemplo da actividade oral podería ser:

–*Eu creo que é unha boa idea porque nunha vila é moi necesario un xornal no que se poidan atopar empregos e noticias locais, non? Que che parece?*

–*Si, iso si, pero, se necesitan unha subvención do concello, é posible que non sexa tan alternativo, que haxa presións para divulgar determinados tipos de información e outros non.*

–*Pois eu non o vexo coma ti...*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 109, exercicio 3.

5. ISO QUE DIS...

Reaccionar mostrando acordo ou desacordo.

ANTES DE COMEZAR

Léalles aos estudantes o título da actividade e pídalles que dean algún exemplo de uso desa expresión. Pídalles que digan outras expresións que coñezan para mostrar acordo ou desacordo. Deseguida, pregúntelles se lembran para que serve a palabra **iso** nese contexto, que xa viron na actividade 4. Despois de que se diga que se refire a algo que se mencionou antes, pídalles que se fixen nas expresións do cadro que levan tamén esta palabra e nas que dixeron eles, e que identifiquen as que mostran acordo e as que mostran desacordo. Deixe que o discutan en parellas e logo faga unha posta en común.

PROCEDEMENTOS

Explíquelles aos seus alumnos que deben seguir traballando coa mesma parella. Por quendas, cada un debe ler unha das opinións que aparecen na actividade,

que tratan diversos temas. Logo, ambos deberán reaccionar empregando unha das fórmulas vistas e engadir a súa opinión e argumentación. Asegúrese de que utilicen as fórmulas adecuadas ao contexto.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicio 6.

6. CON CONDICIÓN

Ler unha serie de condicións e observar as estruturas que aparecen. Unir oracións empregando conectores condicionais.

ANTES DE COMEZAR

Asegúrese de que os seus alumnos saiban o que significa **convenio** neste contexto (acordo vinculante entre os empresarios e os representantes dos traballadores dun determinado sector ou empresa que regula as condicións laborais).

Pregúntelles: **Que condicións de traballo non aceptaría nunca?** Espere respostas como, por exemplo: **non aceptaría traballar horas extras fóra do meu horario e non cobralas ou non aceptaría un posto de traballo con moitas responsabilidades para gañar un salario que non se axusta ao pactado.** Pregúntelles tamén: **Cales credes que son as condicións mínimas que debe ofrecer unha empresa?** Ao que probablemente obterá respostas como: **unhas boas infraestruturas, un tratamento agradable e respectuoso, un salario competitivo etc.**

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que unha empresa está realizando modificacións importantes na súa estrutura, polo que se van renegociar as condicións laborais. Móstrelles a foto das persoas na sala de reunións e coméntelles que, tras unha longa negociación entre os traballadores e a empresa, o comité elaborou unha lista de condicións. Pídalles que a lean e que escollan a condición que lles parece máis importante. Despois de comentalo entre todos, pídalles que se fixen na segunda, terceira, cuarta e quinta frases. Explíquelles que hai un conector simple e outros complexos. Teñen que decidir cal é o simple (**só se**) e cales son complexos (**a condición de que, a non ser que, só no caso de que**), e con que modo e tempo verbal vai cada un deles. Indíquelles que o fagan individualmente e que o comenten cun compañeiro antes de poñelo en común na clase. Aclárelles que o tempo verbal da oración condicional está relacionado co tempo verbal da oración principal, de xeito que os conectores poden admitir outros tempos e os exemplos que se presentan aquí non son fixos.

Solución

só se: *presente de indicativo*

a condición de que/a non ser que: *presente de subxuntivo*

só no caso de que: *imperfecto de subxuntivo*

A continuación, pídalles que se fixen na primeira e na última frase e pregúntelles que teñen de particular os conectores que introducen as oracións condicionais. Se non contestan correctamente, dígalles que son, respectivamente, a preposición **de** e a locución prepositiva **caso de**, os cales, neste caso, adquiren valor condicional. Chámelles a atención sobre o modo verbal que acompaña estes conectores: o infinitivo conxugado. É mellor non entrar en moito detalle agora, xa que se fará unha reflexión máis profunda na epígrafe B.

Pídalles que observen a correlación verbal entre as oracións condicionais e as principais. Aproveite este momento para comentarles que tanto na fala como na escrita a disposición destas oracións pode variar, é dicir, pode aparecer primeiro a principal (a que vai sen conector) ou a condicional (a que o leva); pero explíquelles que no caso das construcións con infinitivo conxugado a orde máis recomendada é a que figura nos exemplos. Logo, pregúntelles cales son as construcións que indican máis probabilidade de que se cumpra a acción expresada na oración principal e cales indican menos. Pode facer unha sistematización do emprego das condicionais no encerado, do seguinte xeito.

Primeira condicional (indica maior probabilidade)

Futuro + conector simple + presente de indicativo (probabilidade alta)
Futuro + conector complexo + presente de subxuntivo (probabilidade media)
Futuro + de/caso de + infinitivo conxugado (probabilidade media)

Segunda condicional (indica menor probabilidade)

Pospretérito + conector simple/complexo + imperfecto de subxuntivo (probabilidade baixa)

B. Pídalles aos seus alumnos que volvan á lista das condicións da epígrafe A e que se fixen nas formas verbais subliñadas. Como xa lles dixo anteriormente que eran formas do infinitivo conxugado, aproveite para comentarles que, malia non ter un emprego obrigatorio, se trata dunha forma verbal moi característica da lingua galega.

A continuación, dígalles que, en parellas, deben discutir por que e cando se emprega o infinitivo conxugado. Se son moitos alumnos na clase, pódalos separar en grupos de tres. Convídeos a consultaren a epígrafe “O infinitivo conxugado”, na páxina 26 e logo faga unha posta en común, apuntando os casos de emprego recomendado

E ti, que opinas?

no encerado. Deseguida, anímeos a construíren, entre os dous, unha frase para cada un dos casos. Déalles uns minutos e dígalles que cada parella vai ler as súas frases en orde aleatoria e os demais compañeiros deberán dicir por que se xustifica o emprego do infinitivo flexionado e en cal dos casos que acaban de ver encaixan. Esclareza as dúbidas que poidan xurdir e asegúrese de que todas as frases que construíron queden claras e correctas para todos os alumnos.

C. Agora, explíquelles que van volver traballar coas estruturas que expresan condicións. Dígalles que, individualmente, deben engadir en cada frase o conector condicional máis axeitado e, logo, contrastalo co que puxo o seu compañeiro. Indíquelles que poden consultar a epígrafe “Poñer condicións para negociar”, na páxina 26, e coméntelles que, nalgúns casos, valen varias alternativas. A continuación, faga unha posta en común.

Solución

- Fariamos gardas de noite **se/en caso de que/sempre que/a condición de que/con tal de que/sempre e cando** nos pagasen un suplemento.
- Faremos gardas de noite **de/caso de** nos pagaren un suplemento.
- Faremos gardas de noite (**só**) **se** nos pagan un suplemento.
- Faremos gardas de noite (**só**) **no caso de que/sempre que/a condición de que/sempre e cando/con tal de que** nos paguen un suplemento.
- Non faremos gardas de noite **a non ser que** nos pagasen un suplemento.
- Asistiremos ao congreso (**só**) **no caso de que/sempre que/a condición de que/sempre e cando/con tal de que** nos cubran todos os gastos.
- Asistiremos ao congreso **se/en caso de que/sempre que/a condición de que/con tal de que/sempre e cando** nos cubrisen todos os gastos.
- Non asistiremos ao congreso **no caso de que** non nos cubran todos os gastos.
- Asistiremos ao congreso **de/caso de** nos cubriren todos os gastos.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicio 1.
Páxina 109, exercicio 4.



7. DEFENDER OPINIÓNS

Reaccionar e opinar ante varias afirmacións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pode realizar esta actividade co material que lle proporcionamos na **ficha 6**. Son tarxetas que se poden

fotocopiar, recortar e repartir entre os grupos que se formen de tres ou catro alumnos.

ANTES DE COMEZAR

Dígalles aos seus alumnos que van ler unha serie de opinións relacionadas con diferentes temas. Pídalles que, antes de ler os textos, observen as fotografías e formulen hipóteses sobre os temas que se van tratar. A continuación, pode sacar os temas novos que aparecen nas tarxetas. Anímeos a que pensen nun que os motive e que escriban, nunha tarxeta en branco, unha afirmación contundente respecto del, por exemplo: **todas as xornadas laborais deberían ser de seis horas como máximo; deberían prohibir a telelixo, como os programas que se fan baseados na vida privada das persoas; debería prohibir o uso do coche nas cidades** etc.

PROCEDEMENTOS

Explíquelles aos estudantes que van traballar en grupos de tres ou catro. Por quendas, cada alumno do grupo vai expresar unha das opinións que aparecen nas tarxetas e os demais teñen que reaccionar mostrando acordo ou desacordo. Dígalles que hai dúas condicións: non vale repetir o mesmo tipo de resposta e, ademais, teñen que engadir unha argumentación. Poña un exemplo ou remítaos ao que aparece na actividade. Cando terminen coas tarxetas que lles deu vostede, poden facer o mesmo coa tarxeta que escribiu cada un deles.

8. SÓ SE ANDAS AO XEITO

Deixarlles obxectos aos compañeiros poñendo condicións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pódelles comentar aos estudantes que as condicións neste tipo de contexto tamén poden introducirse con **pero, mais** ou **porén**, sen que sexa necesaria a presenza de partículas ou conectores condicionais. Poña o seguinte exemplo:

- Déixasme a túa chaqueta azul para o xoves? É que vou a unha cea da empresa e non teño nada moi elegante
- Vale, pero lévaa a lavandaría antes de devolverma, si? (= coa condición de que ma leves á lavandaría antes de devolverma)

–Sí, claro; non hai ningún problema.

PROCEDEMENTOS

Propóñalles aos seus alumnos que escollan dúas cousas ás que lles teñan un aprecio especial. Pode poñer un exemplo seu, se o considera pertinente. Cando xa as teñan, vostede pode apuntalas no encerado ou eles mesmos poden facer un debuxo de cada obxecto nun papel e colocalo nun lugar visible da clase. A continuación, cada estudante debe escoller un obxecto e pedirlo ao seu propietario. Este vaillo deixar, pero

debe poñerlle condicións (poden ser condicións fáciles ou difíciles de cumprir). Anímeos a xustificaren as súas peticións, empregando a expresión **é que**, por exemplo.

9. FEÍSMO

Ler un texto sobre o “feísmo urbano”, reflexionar sobre este concepto e falar dos posibles lugares nos que pode ocorrer. Propoñer accións para frealo e elaborar un decálogo contra el.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Feísmo é un termo informal e impreciso empregado para definir o conxunto de edificacións que degradan dalgún xeito o seu contorno. Xurdiu inicialmente para caracterizar algúns aspectos do urbanismo e da arquitectura presentes nalgúns obras construídas en Galicia, tanto no medio urbano como no rural. Na actualidade atópanse mostras deste fenómeno en todo o mundo.

PROCEDEMENTOS

A. Centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e preguntélles que entenden por feísmo. Se entre as respostas non mencionan o que se indica en “Observacións previas”, acláreo, de xeito que todos entendan a mesma definición. Deseguida, preguntélles se poden dar algún exemplo concreto do feísmo. É posible que non poidan identificar un edificio ou construción polo seu nome, pero probablemente poderán caracterizalo dalgún xeito e explicar por que pode ser considerado feísmo. Ao mellor pode axudarlles comentándolles algunhas das súas manifestacións como, por exemplo, **mestura desordenada de estilos arquitectónicos e de materiais de construción, ausencia de acabados exteriores, edificacións sen rematar ou cuxa construción se prolonga durante moitos anos** etc. Logo, fágalles a última pregunta da epígrafe e asegúrese de que entre as respostas saia información parecida a: **aínda que se trata dun fenómeno orixinalmente galego, na actualidade atópanse mostras de feísmo en todo o mundo.**

B. Dígalles aos seus alumnos que se fixen no título do texto e preguntélles como se relaciona coa fotografía.

Logo, pídalles que lean o texto individualmente e concédalles algúns minutos. Despois, sepáreo en parellas e dígalles que deben comentar os aspectos máis relevantes do texto. A continuación, faga unha posta en común.

C. Continuando coas mesmas parellas, dígalles que deben suxerir catro medidas para evitar que o feísmo se expanda. Para iso, poderá dicirlles que pensen primeiramente nas posibles causas deste fenómeno, como poden ser **a alta taxa de dispersión demográfica, a flexibilidade nas leis urbanísticas, os ciclos migratorios, a falta de interese pola arquitectura tradicional** etc., para, a partir delas, elaboraren as

súas suxestións. Indíquelles que tamén poden atopar algunha información adicional nos textos da actividade 2, na páxina 23. Déalles algúns minutos e, logo, cada parella deberá presentarlles as súas medidas aos demais compañeiros.

D. Indíquelles que, entre todos, van seleccionar as dez mellores ideas das medidas que formularon co fin de redactar un decálogo contra o feísmo. Suxira que o fagan empregando a mesma estrutura gramatical: imperativo, infinitivo ou que + presente de subxuntivo. Pode escribir vostede a primeira norma no encerado, pondo, por exemplo, **Que as leis urbanísticas sexan máis precisas!** ou **Que se prohiba a construción de edificios de vivendas na zona rural!** Aproveite para animalos a escribiren no encerado e pídalles que polo menos un representante de cada parella escriba unha norma. Logo, escolleranse as dez mellores normas e, entre todos, deberán poñerlle un título ao seu decálogo.

10. VILARIZ: UNHA VILA DE CULTURA E TRADICIÓN

Ler un texto informativo sobre unha vila ficticia. escoitar unha nova e tomar notas da información máis relevante.

ANTES DE COMEZAR

Móstrelles aos seus alumnos a foto e explíquelles que se trata de Vilariz, unha vila ficticia galega. Dígalles que intenten facer unha descrición da vila, a partir da foto disposta na actividade. Logo, remítaos ao texto e aclárelles que todos os datos son imaxinarios.

PROCEDEMENTOS

A. Anime os estudantes a leren o texto e a comentaren se Vilariz lles recorda algunha outra vila que coñecen. Logo, pídalles que comparen a vila ficticia co lugar no que viven e preguntélles que cousas teñen en común. Axúdelles indicando aspectos como o tipo de construcións, a comodidade e os servizos que imaxinan que poida ofrecer, a situación xeográfica, a natureza etc.

B. Agora explíquelles que van escoitar unha nova da radio local sobre unha proposta de construción dun complexo hostaleiro na vila. Infórmeos de que terán que contestar unha serie de preguntas.

Solución

Que? *Unha asemblea veciñal.*

Cando? *O vindeiro mércores, ás 21 h.*

Quen? *Todos os veciños.*

Cales son os grupos máis enfrontados? *Os grupos enfrontados son:*

A) A empresa construtora que está a favor da construción, xa que considera que é un bo xeito de activar un turismo de nivel medio alto na zona, que, pola súa vez, abrirá moitos postos de traballo e deixará moitos ingresos na vila.

E ti, que opinas?

B) A Asociación Amigos do Castelo que está en contra, porque cre que a construción vai danar o patrimonio histórico, en beneficio da construtora e dos propietarios das instalacións deportivas e do hotel.

Deixe que escoiten a audición unha vez e que comparen as súas respostas coas dun compañeiro. Deseguida, repítas as antes de poñer en común os resultados.

11. A ASEMBLEA

Realizar unha asemblea popular e levantar unha acta.

ANTES DE COMEZAR

Informe os seus estudantes de cal é o obxectivo desta actividade: realizar unha asemblea e escribir unha acta. Para isto, asegúrese de que saben o que significa **acta**, recordándolles a que viron na actividade 3 e mostrándolles o modelo que se lle facilita na páxina seguinte e que logo deberán completar. Dígalles que na epígrafe **orde do día** debe figurar unha descrición do funcionamento do debate sobre o tema, unha descrición dos acordos aos que se chegou e o resultado da votación.

PROCEDEMENTOS

A. Para comezar preséntelles a lista das diferentes persoas que viven na vila e que asistiron á asemblea. Móstralles o debuxo da asemblea e da persoa que a dirixe. Remítaos ao papel que esta persoa ten nas mans e explíquelles que se trata dun folleto informativo, repartido ao comezo da asemblea, que os estudantes poden ler no recadro. Nese recadro resúmese a historia do espazo que sería destruído para permitir a construción do complexo hostaleiro, en caso de que o decidan na asemblea.

Dígalles que teñen que traballar en parellas estas cuestións: **Quen cren que se posicionará a favor e quen en contra? Quen dubidará? Por que?** Lémbrelles que deben ter en conta o folleto e a profesión de cada personaxe. Logo, faga unha posta en común para recoller os resultados.

B. Agora, pídalle a cada estudante que escolla un dos personaxes, ata que todos queden asignados. Se na súa clase hai menos estudantes ca personaxes, pídalles que cada un elixa o mesmo número dos que están a favor e dos que están en contra. Se hai máis estudantes ca personaxes, poden repetir as características dalgún personaxe, cambiándolle o nome. Cando se decidan, pídalles que se agrupen os que están a favor, os que están en contra e os indecisos. Cada grupo preparará argumentos para defender a súa postura.

C. A continuación, indíquelles que van realizar a asemblea. Para iso, pode dispoñer as cadeiras en círculo. Dígalles que deberán votar estas preguntas: **Construírse un novo complexo hostaleiro en Vilariz? En caso de aceptalo, que recomendacións faredes?**

D. Finalmente, pídalles que, en grupos, escriban a acta da asemblea, para logo redactar unha conxuntamente empregando os fragmentos que máis lles guste de cada unha delas. Entréguelles unha fotocopia do modelo de acta que lle facilitamos na **ficha 7**, para que a completen. Para rematar, cada grupo le a súa acta e entre todos deben elaborar unha que teña fragmentos de todas elas e coa que estean todos de acordo. Logo poden asinala e colgala na aula.



12. PATRIMONIO HISTÓRICO

Ler un texto informativo sobre a situación da zona antiga de diversas vilas galegas. Opinar respecto das características que debe ter unha zona histórica e suxerir accións que melloren o estado da zona vella dunha das vilas presentadas.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que comenten entre todos cales son os dous tipos de zonas nas que xeralmente se divide unha vila ou unha cidade. Se non sae como resposta “zona nova e zona vella”, contésteo vostede mesmo. Pídalles que se fixen no título da actividade e pregúntelles que asociacións poden facer entre patrimonio histórico e zona vella. Dígalles que a zona vella, tamén denominada zona antiga ou zona histórica, é o núcleo dunha poboación formado polo conxunto de edificios e rúas máis antigas. Caracterízase principalmente por ter o trazado das rúas irregular e en moitas delas atópanse restos romanos e edificios medievais. A continuación, dígalles que observen as fotos das diversas vilas e pregúntelles cal é a que lles parece máis atractiva e por que.

PROCEDEMENTOS

A. Primeiramente, dígalles aos seus alumnos que van ler individualmente a información referente a cada unha das vilas. Déalles uns minutos e, logo, agrúpeos en tríos, para que comenten se coñecen algunha das vilas presentadas e o estado da súa zona histórica. Se non coñecen ningunha, poden elixir unha que lles gustaría coñecer e describir a súa zona histórica a partir da foto que teñen.

B. A continuación, pídalles que, seguindo co mesmo grupo, escriban as catro características máis importantes que consideran que debe ter unha zona histórica ideal. Logo, cada grupo vai falar das características que apuntou e, entre todos, pódelles propoñer que escriban no encerado unha listaxe cos aspectos máis votados.

C. Agora, dígalles que a partir de todo o que levan traballado sobre o tema, cada grupo debe escoller unha das vilas do texto e propor algunha idea para mellorar a situación da súa zona histórica. Cando remataren, un voceiro de cada grupo deberá lerlles a súa proposta aos demais compañeiros. Se o considera pertinente, poden facer unha especie de concurso no que todos voten para elixir a mellor proposta.

13. O MISTERIO DAS GRANDES CONSTRUCIÓNS

Ler un fragmento de *Trece badaladas*, de Suso de Toro, e buscar os trazos que identifican a Catedral de Santiago de Compostela. Ler o argumento da mesma novela e intentar descubrir en que parte del se encaixa o fragmento que leron anteriormente.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se dispón dun exemplar do libro que aquí se presenta, léveo á clase para mostrarllelo aos seus alumnos.

Asemade, sería interesante que levase fotos ou postais da Catedral de Santiago para que as puidesen manexar e intentar descubrir visualmente os elementos que se describen no fragmento.

ANTES DE COMEZAR

Pode mostrarlles aos seus alumnos a portada do libro que aparece e preguntarlles se saben quen é Suso de Toro e se coñecen algún traballo del. O obxectivo é que se indique algunha información sobre o escritor. Se non son quen de dicir nada, infórmeos de que se trata dun coñecido escritor galego e resúmalles a información biográfica que aparece na parte superior dereita. Pregúntelles tamén que relacións se poden facer entre o título da actividade e o libro de Suso de Toro. Se é necesario, complete as súas respostas coas palabras iniciais da epígrafe A, engadindo que a expresión *trece badaladas* se emprega tamén como referencia a unha lenda relacionada con antigos mitos pagáns e sacrificios humanos.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se adoitan visitar as igrexas ou catedrais das cidades que coñecen cando viaxan e por que motivos o fan. Se lle parece conveniente, pode dicirlles que hai xente que as visita porque alguén llo recomenda, outros porque son moi relixiosos, e algúns por curiosidade ou interese turístico, por tratarse de construcións monumentais ou de moita sona. Deixe que falen un pouco e, logo, pregúntelles se poden lembrar as sensacións que tiveron durante unha visita a unha catedral. Recórdelles que non ten por que ser un lugar famoso ou moi coñecido, senón que simplemente importan os sentimentos que lles despertou esa experiencia. Dígalles que o pensen individualmente e decidan a mellor maneira de explicarlles aos compañeiros esas sensacións.

A continuación, pídalles que o comenten en grupos de tres ou en parellas, para ver se comparten cos compañeiros sensacións semellantes, aínda que ocorresen en lugares distintos.

B. Pregúntelles que lles suxire *Trece badaladas* polo título e pola imaxe da portada. Despois, dígalles que van ler un fragmento da novela e deberán facelo individualmente. Asemade, intentarán identificar os elementos da Catedral de Santiago que se mencionan no texto. Logo, coa mesma parella ou grupo, deixe que comenten as súas respostas e contrasten os elementos atopados. Para rematar, pode facer unha posta en común na clase.

C. Para rematar, dígalles que van ler o argumento da novela e decidir en que parte del se encontra o fragmento que acaban de ler. Realizarán a lectura individualmente e logo discutirano cos compañeiros do grupo. Ao final, faga unha posta en común e conclúa preguntándolles se a novela lles parece interesante e se lles gustaría lela.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos que vexan o filme inspirado no libro, dirixido por Xavier Villaverde, en 2002. Foi gañador do Premio Mestre Mateo nas categorías de mellor longametraxe e mellor actor.

